

SERÁN UN TRÍO COMPOSTO POR DOUS ARTISTAS VALENCIANOS E UN FRANCÉS, E OS GAÑADORES DO V CONCURSO FOLK DE RADIO OBRADOIRO OS ENCARGADOS DE IR QUENTANDO OS MOTORES NA FESTA ANIVERSARIO DO PRÓXIMO LUNS DÍA 17

ABRINDO O APETITO...



Ricardo Esteve



Matthieu Saglio



Jesús Gimeno, encargado da percusión

IMAXINACIÓN E MOITA FANTASÍA MUSICAL COS DE JEREZ TEXAS

:: Música

HV • Santiago

Son Ricardo Esteve –guitarra flamenca–, Matthieu Saglio –violoncelo, voz– e Jesús Gimeno –batería, percusión–. Jerez Texas reúne imaxinación e fantasía musical, calidade e nivel instrumental: creatividade e intelixencia en suma.

Creado en Valencia (España) en xaneiro do 2002 por dous músicos españois e un músico francés, Jerez-Texas é unha historia de encontros. Encontros entre Ricardo Esteve, Matthieu Saglio e Jesús Gimeno, tres brillantes instrumentistas chegados desde horizontes moi distintos, que mesturan con elegancia música popular e música sabia, pracer e virtuosismo.

É tamén a reunión orixinal de tres instrumentos: a guitarra flamenca, o violoncelo e a batería. Unha formación inédita e non obstante evidente, pois a música de Jerez-Texas, en-

tre flamenco, jazz, bossa e clásico, fala ó corazón e á mente.

É no escenario onde esta espectacular unión entre a forza do flamenco e a liberdade do jazz alcanza toda a súa dimensión. Grazas ás súas composicións de remudas sutilmente matizadas e ás súas atrevidas versións de estándares do jazz e da canción francesa, o grupo xa seduciú a numeroso público, ó longo de máis dun centenar de concertos por España.

Desde o simple melómano ata o afeccionado en busca de novas emocións, moitos xa sucumbiron á sinceridade que emana destes tres artistas

feitos para tocar xuntos. Como dicía Jorge Pardo: "Non se fusionan as músicas, fúsiónanse os músicos".

Entrado en estudo ó principio do ano en Valencia, o grupo está preparando o seu primeiro álbum, que debería saír antes de finais do 2004.

Como adiamento e para facernos a boca auga, animarán os primeiros momentos da festa aniversario de GALICIA HOXE.

Son Ricardo Esteve, guitarrista profesional desde moi mozo, que estudou en Valencia cos Fenollosa a disciplina flamenca, traballando nos clásicos tablaos. É tamén Matthieu Saglio, de formación clásica, que estudou a carreira de violoncelo no Conservatorio Nacional Rexional de Rennes (Francia), obtendo a medalla de ouro tras 11 anos de estudos. A partir de 1996, introduciuse no mundo do jazz e da improvisación. E Jesús Gimeno, que estudou na aula de música moderna e jazz de Barcelona (80) e no taller de música de Madrid e de Castellón, e que foi membro do grupo pop *Os auténticos* (82-84) co que gravou e realizou concertos polas mellores salas. ●

||| A CERNA |||||

Un oco na súa axenda

Como abreconcertos de Antonio Vega na sala Capitol, estes orixinais e estupendos artistas deixaron un oco na súa axenda de concertos –que os levan ata Francia– para amosarlles ós galegos a súa calidade no directo.

CON RADIO OBRADOIRO, CINCO GRUPOS BUSCANDO O PREMIO

O Teatro Principal de Santiago vai saír do seu longo silencio por obras retomando a actividade con música. O vindeiro 13 de maio encherase para a final do V Concurso de Folk de Radio Obradoiro (102.1 FM), no que se decidirá quen ocupará o posto de abreconcertos, xunto á banda de Jerez-Texas, na festa aniversario do xornal GALICIA HOXE.

Alí poderanse escoitar as actuacións das formacións galegas Ardelle O Eixo, Brendam, Lumia, Lugnasad e Xochimilca. Cinco grupos pelexando por un único galardón. Un premio que en edicións anteriores foi logrado por Alfólies (de Vigo), Quempallou (de Pontevedra), Roi Xordo (de Santiago) e Grodan Defló (de Lalín), formación que actuará como invitada especial nesta quinta noite de finalistas.

Os vigueses Lugnasad, que toman o seu nome da mítica noite celta que se fai en terras bretonas, xa foron finalistas na edición anterior deste concurso ligado ó programa *En Clave de Folk*, que conducen na

emisora compostelá Paulo Gacio e María Xosé Gómez, ás doce da noite dos luns e ás tres da tarde.

Tamén repiten final os de **Brendam**, formación instrumental que este ano tocou na apertura do curso universitario da Residencia Monte da Condesa (Santiago).

Lumia é o grupo con compoñentes máis novos dos cinco finalistas. Son da Coruña e admiten influencias do pop e da música jazz.

Ardelle O Eixo son unha banda da comarca compostelá que ten editado algúns temas no disco *Galic*

Sonsfolk, Volumen III, logo de ser finalistas igual que a formación Minodopetrix.

Xochimilca é un combo que toma o seu nome dun pobo mexicano e conta con compoñentes que están integrados na lendaria agrupación musical Cantigas e Agarimos.

Este certamen conta co apoio da Consellería de Educación, o Consello de Santiago, Incuga, Coca Cola, Diez Telecomunicaciones e o estudo Phonos da Estrada, lugar onde fan as gravacións do disco os grupos gañadores.

Cada formación finalista terá que tocar tres pezas, das que dúas serán de xeito obrigado de colleita propia. A falta de confirmar os membros do xurado deste ano, cabe destacar que en edicións anteriores ocuparon ese papel as máis destacadas personalidades do mundo do folk en Galicia, dende membros de Milladoiro ou Fuxan dos Ventos, ata críticos como Óscar Losada e produtores como Raúl Piñeiro, entre outros. ¿A quen veremos o 17...? ● **XABIAN MARTÍN**

||| A CERNA |||||

Concerto de entrada libre

A cita comezará as nove da noite e como nas edicións anteriores será de entrada libre. A orde de actuacións dos grupos farase mediante sorteo. O Teatro Principal ten un aforo máximo de 400 entradas.



A banda de Lalín Grodan Defló, gañadora da edición anterior